

No apartado de “**Servizos complementarios**” poderá realizar o pago telemático\* da taxa polo uso do servizo de comedor seleccionando en “**CiXTEC**”, de maneira que non será preciso desprazarse nin á entidade bancaria nin ao centro. Os pasos a realizar son os seguintes:



**1** Unha vez seleccionado o apartado de pago telemático “**CiXTEC**” amosarásenos unha pantalla coa *declaración de tributos da Consellería de Facenda*, e tras seleccionar no botón **Aceptar**, poderemos comezar a cumprimentar os datos necesarios para realizar o pago telemático:

- *A forma de ingreso*: que pode ser con cargo en conta ou pago con tarxeta
- *A Entidade*: seleccionamos o nome do banco
- *A Sucursal, DC, Conta*, no caso de realizar un cargo en conta ou o *Nº de tarxeta e a data*, no caso de realizar o pago coa tarxeta

Cubertos todos os campos pulsamos en **Validar**.

**2** A continuación, veremos o importe a ingresar e se a entidade nos cobra algunha comisión, para continuar o proceso, será necesario pulsar en **Continuar** onde visualizaremos o resumo de toda a operación, unha vez validados os datos, prememos en **Ingresar**. Na seguinte pantalla, seleccionamos o certificado e prememos en **Asinar**.

**3** Finalmente, remataremos co proceso premendo no enlace suxerido. Deste xeito poderemos imprimir o xustificante do ingreso e o centro educativo recibirá comunicación inmediata de que a taxa foi pagada



\* O pago telemático deberá realizalo a persoa que está rexistrada como responsable do alumno no servizo de comedor. Ademais, polo momento tan só será posible executalo utilizando o navegador Internet Explorer